



**ACT-INCLUSIVE – Actores do Cambio Cara a Educación INCLUSIVA**  
Acordo de Subvención N.º 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO



## COMUNICADO DE PRENSA

*Isto é todo!  
O que logramos e direccións  
futuras.*



## ACT-INCLUSIVE: Actores do Cambio Cara a Educación Inclusiva

[Acordo de Subvención N.º 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO]

# NOTA DE PRENSA 7 – Últimas novas e unha esperanza para o futuro!

**Contacto:** Catuxa Pereira Cacheda. Coordinadora Área de Proxectos. COGAMI.  
Modesto Brocos, 7 – C.P.: 15704. proxectos@cogami.gal  
Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2025.

### *O proxecto ACT-INCLUSIVE chega á súa fin - Claves da Conferencia Final!*

A conferencia final do proxecto, titulada "**Educación inclusiva en acción: Leccións e ferramentas do proxecto ACT-INCLUSIVE**", celebrouse con éxito o **12 de novembro de 2025**, en Bruxelas e en liña.

En total, 93 persoas participaron no evento, 37 de forma presencial e 56 en liña. Foi un grande pracer e unha honra contar coa presenza da responsable de proxectos da UE, quen puido ser testemuña do excelente traballo realizado durante todos estes anos.

As inspiradoras mesas redondas e presentacións das entidades socias, profesorado e estudantado de todos os países asociados deron esperanza de que as escolas continuarán as súas accións para preservar e promover a inclusión. Por último, unha exposición das obras de arte creativas do alumnado sobre o que significa a inclusión para elas/es engadiu un toque fermoso e significativo ao evento.

### *Conclusións clave*

- A inclusión é unha mentalidade, non só un concepto.
- As voces do alumnado poden impulsar un cambio significativo.
- Somos máis fortes cando estamos xuntas/os.

### *Última reunión das/os socias/os*

Despois da conferencia, as/os socias/os celebraron a súa última reunión presencial, onde reflexionaron sobre os debates da conferencia e compartiron plans sobre como continuarán promovendo os materiais creados e expandindo as súas actividades máis aló da duración do proxecto. Ademais, as/os socias/os discutiron os puntos de acción finais para unha conclusión do proxecto fluída e exitosa.

### *Direccións futuras*

O proxecto ACT-INCLUSIVE conclúe a finais de novembro. O consorcio comprométese a garantir un legado duradeiro a través destas accións clave futuras:

- **Sustentabilidade dos recursos:** Todos os resultados do proxecto (especialmente o [Manual de Formación e Sensibilización](#), a [Toolbox](#) e o [Cómico-book](#)) continuarán sendo públicos e de libre acceso nas páxinas web das entidades socias e en espazos públicos (como escolas e



bibliotecas públicas, onde proceda), asegurando a continuidade do seu uso por parte das escolas e ONGs tempo despois da finalización do proxecto.

- **Compromiso continuo coas escolas:** As/os socias/os continuarán traballando con escolas que, en moitos casos, solicitaron proactivamente seminarios, obradoiros e sesións de sensibilización baseados no contido do proxecto. Os recursos do proxecto integráronse en seminarios escolares, actividades na aula e formacións durante 2025-2026 e con posterioridade.
- **Continuidade do traballo colaborativo:** A rede de aprendizaxe mutua establecida entre os seis países socios e as partes interesadas asociadas manterase, creando unha comunidade de práctica permanente para provedores de servizos e profesionais da educación dedicadas/os a promover a educación inclusiva en Europa.

### *Para concluír: Logros do proxecto*

O obxectivo fundamental de ACT-INCLUSIVE foi facer a transición da educación inclusiva dun ideal político a unha realidade práctica.

Ao longo da vida do proxecto, o impacto principal inclúe:

- **Empoderamento estudiantil:** Mediante a creación de recursos prácticos e accesibles como o Cómics-book e o Audiolibro, e a participación do alumnado en concursos de arte e mesas redondas, o proxecto proporcionou ferramentas para que o estudiantado con e sen discapacidade se converta en "Actor del Cambio" nas súas propias contornas de aprendizaxe.
- **Base de coñecemento:** O proxecto mapeou con éxito o estado da inclusión a través das [Follas de País sobre inclusión](#), proporcionando datos nacionais cruciais e unha [Colección de boas prácticas](#) para estimular a innovación entre as partes interesadas na educación.

### *Acerca de ACT-INCLUSIVE*

ACT-INCLUSIVE dedícase a impulsar o cambio cara a educación inclusiva aproveitando estratexias de educación non formal. Traballamos en estreita colaboración con escolas, familias e comunidades para garantir que cada estudante, independentemente das súas capacidades, reciba o apoio e os recursos que necesita para prosperar.

### *Información de contacto*

Para máis información, por favor, visite a nosa páxina web: <https://easpd.eu/project-detail/act-INCLUSIVE-raising-awareness-on-INCLUSIVE-education-and-empowering-students-with-disabilities/>